



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA RELATIVA AO PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS DE ARTEIXO, CULLEREDO E A CORUÑA, PARA A COORDINACIÓN DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO DAS SÚAS RESPECTIVAS COMPETENCIAS CON ORIXE OU DESTINO NAS URBANIZACIÓNS DA ZAPATEIRA

1. Antecedentes

O Convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e os concellos de Arteixo, Culleredo e A Coruña, ten a súa orixe na proposta conxunta destes tres concellos.

2. Obxecto do Convenio

O presente Convenio será formalizado entre a Xunta de Galicia e os concellos sinalados, coa finalidade de que se poida prestar un servizo de transporte de carácter intermunicipal para o tránsito entre a urbanización da Zapateira e a cidade da Coruña, xa que a orixe, o destino e o traxecto implica os tres concellos. A empresa contratista do servizo de transporte urbano da Coruña estenderá o seu traxecto ata a dita urbanización.

3. Finalidade e xustificación

O Convenio ten por obxecto habilitar ao transporte urbano da cidade da Coruña a que preste o servizo público de transporte regular en autobús nas urbanizacións da Zapateira, situadas en Arteixo e Culleredo, que carecen deste servizo de conexión coa dita cidade da Coruña, consonte coa proposta realizada polas ditas administracións, e coa maior eficiencia para o propio sistema de transporte público.

4. Aspectos económicos do Convenio

A Xunta de Galicia non asumirá ningún custo económico derivado da aplicación deste Convenio. Os Concellos de Arteixo e Culleredo deberán compensar a empresa contratista do servizo de transporte urbano do Concello da Coruña a partes iguais polo custo derivado da extensión deste servizo.

O xefe do Servizo de Coordinación dos Plans de Transporte
Xesús do Río da Torre

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte
Antón García Río

O director xeral de Mobilidade
Ignacio Maestro Saavedra (documento asinado dixitalmente)

